

Estimadas familias

Comezamos na aula un proxecto de investigación e traballo sobre os “PONIS”, coa finalidade de *crear un pequeno documental unha vez rematada a investigación*, tal como decidiron os vosos fillos e fillas. Por tal motivo agradeceríamos que adicásedes uns minutos cos vosos fillos para buscar información sobre o tema, que poidan traer á aula e así empregala, xunto coa que aporten o resto dos compañeiros e compañeiras, na investigación que levaremos a cabo.

Serve calquera fotografía, libro, información de internet, vídeos, debuxos, recortes de revistas... sempre e cando a busquedes con eles e “escoitedes o que vos teñen que dicir ó respecto”. No caso de que non dispoñades de información non pasa nada, non é necesario que a merquedes a propósito.

Por cuestións sanitarias, como consecuencia da COVID-19, agradeceríamos o enviásedes toda á nosa conta de e-mail [infantilcampolameiro@gmail.com](mailto:infantilcampolameiro@gmail.com), para que poidamos imprimila con eles na clase.

No caso de non ser posible, por tratarse dun debuxo feito por eles, ou de información xa impresa (como libros, folletos...), estará en “corentena” uns días na aula antes de poder ser empregada.

Lembrede que na páxina web do centro iremos contando, como sempre, o proceso de traballo nestes proxectos para que coñezades o que están a facer os vosos fillos/as na aula (<http://centros.edu.xunta.es/ceippedroantoniocervino>)

Gracias adiantadas pola vosa colaboración.

ÓSCAR

Mestre EDUCACIÓN INFANTIL 2

